

Lugares onde volver: Zaragoza



JULIO VALCÁRCCEL
xuliolv@gmail.com

EN "LA VIDA DE LOS LIBROS", JOSÉ LUÍS MELERO CONTA MOITAS E MOI SIMPÁTICAS ANÉCDOTAS QUE TEÑEN COMO PROTAGONISTAS A ESCRITORES

Durante anos fun convidado a Zaragoza, primeiro por Antón Castro, o escritor de Arteixo, radicado na cidade; despois, mentres se encargou da voca- lía de cultura do Centro Galego, por Amadeo Cobas; finalmente por Manuel Forega, poeta e editor. Os tres, autores de importantes títulos e bos amigos. Zaragoza erixíase por uns días nunha segunda residencia, a proverbial hospitalidade aragonesa facía a estancia moi grata e dunha vez para outra arelaba o reencontro con espazos, lugares e persoas coas que cheguei a manter unha relación fluída, case familiar: non foron poucas as ocasións nas que me aloxaron na súa propia casa.

Un dos escritores que tratei naquelas viaxes foi José Luis Melero, un dos máis coidadosos bibliófilos que teña coñecido, crítico, estudoso e experto na "historia oculta da literatura". Entre as súas obras destacan, precisamente, ás dedicadas aos libros; así o de memorias, "Leer para contarlo". Ameno e moi divertido, tomando unhas cervexas polo Tubo ou en demorada tertulia nocturna, as veladas con José Luis eran

unha fonte incesante de anécdotas, descubertas e sorpresas: desde a alternativa como banderilleiro nunha praza de Calanda de Juan Benet, apodado "el Peque", na cuadrilla de Rafael Ortega, á perda de toda a edición de "Moralidades" de Jaime Gil de Biedma, en México, a consecuencia dunha inundación, aos amores de este ou de aquela...

Contarei aquí o paso de Juan Ramón Jiménez pola Casa de Salud Nuestra Señora del Rosario de Madrid. Recente o pasamento de seu pai, a hipocondría extrema de Juan Ramón levouno a unha clínica francesa dirixida polo prestixioso psiquiatra Gastón Lalanne. Cumprido o preceptivo repouso, amenizado pola muller do galeno, Jeanne Roussie, á que dedicou os poemas eróticos máis encendidos, veuse despois, con dezanove anos, ao citado sanatorio, no que foi atendido por tres monxas, as tres aragonesas. A presenza e delicadeza do mozo de Moguer, os seus profundos ollos negros, non tardaron en facer estragos no corazón das novicias. Da irmá Pilar Ruberte escribiu, "desde el primer día me pareció un mármol de museo ablandado y calentado por




Ilustración de Xabier Garo.

mi"; nomeábaa Juan Ramón, "mi venus de Milo", ofreceulle versos e dedicoulle o apartado "Recuerdos sentimentales" do seu poemario "Arias tristes". Juan Ramón nunca negou esta relación amorosa ("Hermana Pilar, tienes aún tan negros tus ojos? Y tu boca tan fesca y tan roja?" preguntábase xa maior), nin a que mantivo con Amalia Murillo, orixinaria de Sariñena: "Cuando huía en un vuelo de tocas trastornadas/ de la impetuosa voluntad de mi deseo/ se refugiaba en un rincón como una gata/ pero sus uñas eran más dulces que mis besos"... Foron estes con Amalia, os amores máis

famosos; chegados a ouvidos da superiora, acordou o traslado da relixiosa e o afastamento dos amantes.

En realidade, afirmaba Melero, todo se debeu aos ciumes, pois a propia superiora, Susana López, estaba tamén namorada de Juan Ramón e seica o visitaba a miúdo no seu cuarto. Estes amores foron comentario, xolda e regocixo da época; tempo despois, en vésperas de voda, aínda os lembraba a nai de Zenobia Camprubí como argumento disuasorio para desaconsellar os plans matrimoniais da filla co futuro premio Nobel.

libros Recomendados



AQUELES ANOS DO MONCHO

XOSÉ NEIRA VILAS


Editorial Galaxia. Vigo, 2015. 145 páxinas. A través de la mirada de Moncho, uno de los escritores más importantes de nuestras letras nos traslada a los tristes y miserables años de la Guerra Civil española. La brutalidad vista con los ojos de un niño.



LUZES

VARIOS AUTORES

A Coruña, 2015. 107 páxinas. El último número de esta revista de periodismo independiente destaca por la variedad de artículos de gran interés, el incendio de O Monte Pindo, o el anquilosamiento de las editoriales gallegas, entre ellos.



FESTIVAL DOS EIDOS

VARIOS AUTORES

Edita Fundación Uxío Novoneira. O Caurel, 2015. 69 páxinas. En este festival se rinde merecido homenaje a uno de nuestros poetas más auténticos y sobresalientes. Los versos de Novoneyra siguen resonando como un eco que nos atrae a las hermosas tierras del Caurel.



FUNDADORES

JAMES WESLEY RAWLES

La Factoría de Ideas. Madrid, 2015. 288 páxinas. En un futuro cercano, debido a la especulación bancaria, la inflación desmedida, un mercado de valores enloquecido y la incompetencia de los mandatarios, se ha derrumbado la infraestructura de EEUU.